

## EXAME DE XEOGRAFÍA TEMA 3

Nome:

Data:

O exame consta de 4 preguntas de 2,5 puntos: a primeira de resposta única e as tres seguintes con posibilidade de elección entre apartados.

**PREGUNTA 1. O relevo español: a súa diversidade xeomorfolóxica. (2,5 puntos) Analice a seguinte nova:**

VIGO

### El origen de la ría de Vigo contado desde las Cíes

JUAN RAMÓN VIDAL ROMANI  
CATEDRÁTICO DE GEOLOGÍA

Para entender a historia xeolóxica da ría de Vigo durante os últimos 135.000 anos, partimos de elementos visibles nas propias illas. A súa base rochosa formouse despois da **colisión, con subducción, entre placas** (...)hai 550 millóns de anos, o que deu lugar á formación do supercontinente **Pangea**. (...) hai 300 millóns de anos, xeráronse moitos corpos de granito que se poden ver dispersos por toda Galicia. (...)

A ría de Vigo débese á **erosión fluvial do río Verdugo/Oitavén**, que escavou o val fluvial agora asolagado pola subida do nivel do mar. (...)

A seguinte etapa na historia da ría de Vigo iniciouse no **Cenozoico** hai 45 millóns de anos. Unha **gran falla** de máis de 200 quilómetros de longo que comeza en Corrubedo (A Coruña) e remata en Aveiro (Portugal). Foi activada pola **rotación da Península** durante a apertura do Cantábrico, cortando a litosfera e afectando ás illas de Ons/Onza e Cíes,...) Outro efecto da falla foi **levantar Galicia** cortando a parte final dos vales fluviais escavados polos ríos Tambre, Ulla, Lérez e Miño, que desde entón desembocaron en fervenza sobre a plataforma continental, agora situada a 100-120 metros de profundidade.(...).

Hai 120.000 anos comezou a **última fase glacial**, quedando progresivamente parte da auga do mar retida nos casquetes polares da Terra. Nese momento, cunha ría baleira de augas mariñas e a plataforma continental cuberta de area, o vento, dono da costa de Galicia, comezou a transportar grandes cantidades de area cara ao continente.(...) Cando rematou a última glaciación, **hai 10.000 anos, o nivel do mar comezou a subir** lentamente, a uns 3,5 mm/ano.(...)


(Fonte: La Voz de Galicia 08/05/2024, adaptado)

Sectores relixiosos afirman que a Terra foi creada tal e como a coñecemos agora sen mutacións substanciais. Lendo o titular e o contido da nova, **elabore unha resposta argumentada** na que, partindo das características xerais da evolución xeomorfolóxica da Península Ibérica introduza consideracións que demostren os cambios sufridos polo territorio. Nesta **resposta debe afondar nas distintas fases desa evolución e os efectos dos axentes erosivos** . (2,5 puntos)


**PREGUNTA 2. O relevo español: Comentario guiado dun fragmento de mapa topográfico.. (2,5 puntos)**  
**Observe o mapa e responda un destes dous apartados:**

**2.1.** Identifique esta tipo de mapa. Ademais de Sta. Cruz de Tenerife, nomee cinco das illas principais que forman o arquipélago canario. Describa como é o relevo que reflicte o mapa. Que son as curvas de nivel e cal é a de maior altitude que aparece?(2,5 puntos)

**2.2.** Explique as principais causas e retos que xera a principal actividade económica deste área e propoña posibles solucións. (2,5 puntos).



**PREGUNTA 3. O relevo español: Mapa litolóxico de España.. (2,5 puntos)** Observe o mapa e responda un destes dous apartados:




**3.1.** Identifique o documento e nomee a área litolóxica que corresponde a cada cor da lenda . Explique o modelado da rocha predominante na área litolóxica de cor morada. Analice as repercusións socioeconómicas deste tipo de relevo (2,5 puntos).

**3.2.** Localice cinco sistemas montañosos con presenza da cor verde. Explique o modelado da rocha predominante na área litolóxica de cor amarela. Analice as repercusións socioeconómicas deste tipo de relevo (2,5 puntos)

**PREGUNTA 4. O relevo español: Debuxos e gráficos con tipos de modelado. (2,5 puntos)** Observe o gráfico responda un destes dous apartados:

**4.1.** Escriba o nome das formas do relevo nos cadros e sitúa cronoloxicamente e no espazo peninsular o tipo de área litolóxica. Identifica o tipo de modelado e as súas características xerais. **(2,5 puntos)**

**4.2.** Identifica o tipo de modelado e escriba o nome das formas do relevo nos cadros. Explica como se formaron as diferentes formas de relevo desta área. **(2,5 puntos)**



**PREGUNTA 5. VOCABULARIO XEOGRÁFICO ESPECÍFICO. (2,5 puntos)** Defina cinco dos dez conceptos resaltados no seguinte texto, xustifique a súa elección e aporte un exemplo significativo da España actual. (0,5 puntos por concepto)

No **zócolo** da **meseta** atopamos importantes **cuncas sedimentarias** aos pés de **cordilleiras de pregamento** froito dos distintos períodos de actividade xeomorfolóxica causados pola **tectónica de placas**.

En cambio na **paisaxe** galega o máis destacable son as súas **rías**, onde podemos apreciar **aluvións** nas desembocaduras dos ríos. A pesar de ser historicamente unha zona húmida a **emerxencia climática** está a producir unha baixada dos niveis dos **acuíferos**.

(Fonte: Ignacio Lugilde Santos)